

# Desafío 48 h

Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega  
IES María Casares de Oleiros  
Curso 2018-2019



## Presentación

---

O Desafío 48 h é unha acción de dinamización da lingua galega a través da que alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos do IES María Casares de Oleiros –que voluntariamente quixo participar– procurou vivir durante dous días enteiros en galego.

A acción, que tivo como obxectivo principal incentivar o uso do galego de maneira positiva en todas as situacións da vida diaria do alumnado, foi acompañada dunha campaña de comunicación previa no centro, así como actividades paralelas e incentivos para as persoas participantes.


Desenvolveuse durante os meses de abril e maio de 2019, os días concretos do desafío foron o 14 e 15 de maio e, en xeral, o resultado foi moi positivo, con moita participación e implicación de alumnado e con experiencias, sensacións e reflexións moi favorables para mellorar a actitude e uso da lingua galega entre unha comunidade escolar na que de máis de 600 alumnos/as non hai ningún que a teña como lingua de uso habitual no seu día a día.



## Obxectivos xerais

---

- Incentivar o uso do galego de maneira positiva en todas as situacións da vida diaria do alumnado do centro.
- Vincular o uso do galego con mensaxes e accións positivas e atractivas.
- Crear reflexión sobre a posibilidade real de usar o galego a diario.
- Lanzar unha mensaxe social positiva favorable ao emprego do galego e á necesidade de crear ámbitos e contextos de uso en que a xente moza poida utilizar a lingua galega cun mínimo de comodidade.



## Obxectivos específicos

---

- Facer ver que, querendo, e aínda con dificultades, é posible que rapazas e rapaces de entre 12 e 18 anos poden usar o galego día a día nos seus diversos ámbitos sociais.
- Incentivar a práctica real do idioma galego nunha comunidade de alumnas e alumnos que non o usa a diario.
- Conseguir que as alumnas e os alumnos usen o galego, aínda que só sexa durante dous días, co seu grupo de amizades, co seu grupo de clase, nos adestramentos do deporte que practican, nas actividades extraescolares en que participan, coa súa familia, nas redes sociais etc.
- Dar a coñecer entre a comunidade escolar propostas de lecer en galego, principalmente musicais e vencelladas coa rede e as novas tecnoloxías.

## Persoas destinatarias e participantes

---


A acción estivo dirixida, principalmente, a todo o alumnado do centro, pero para contribuír á creación dun espazo máis favorable ao uso do galego durante os días do desafío, foi fundamental tamén a participación do profesorado e do persoal de administración e servizos que voluntariamente quixo participar, e que adquiriu o compromiso de procurar cumprir o desafío.

O número de alumnas e alumnos que voluntariamente participaron no Desafío 48 h foi de arredor de 200, que asinaron un contrato de compromiso lingüístico e que, maioritariamente, acabaron intentando cumprir o desafío.

## Medidas desenvolvidas

---


- **Campaña previa de expectación**, que incluíu dúas accións:
  - Primeira: un día, cando o alumnado chegou ao centro, atopou centos de **mensaxes en post-its por todas partes**: encerados, baños, pupitres, cafetería, xanelas, portas, columnas, cadeiras, paredes... Esas mensaxes incluían frases como “Atrévete?”, “Aceptas o reto”, “Tal vez sexas pioneir@”, “Aínda que sexa por probar”, “Queres ser outr@?”, “Muda de pel”, “Sae da zona de confort” etc. Todas as mensaxes incluían ao final 48h, mais sen desvelar de que se trataba. Iso xa provocou unha primeira reacción sorprendente por parte de toda a comunidade escolar, pois só as persoas que forman parte do ENDLG sabían quen o fixera e de que se trataba, ninguén máis, o que encheu de sorpresa, comentarios e expectación o centro.
  - Segunda: días despois diso, e aínda sen desvelar nada, nun recreo houbo unha **choiva de avións no vestíbulo do centro**. Así, desde o segundo andar lanzáronse cara á entrada arredor dun cento de avións de papel co mesmo tipo de mensaxes, o que fortaleceu aínda máis a curiosidade por saber que pasaba e de que se trataba.



- **Campaña informativa:** unhas semanas despois da campaña de expectación, desvelouse en que consistía a acción. Iso fixérono as alumnas e os alumnos membros do ENDLG indo polas clases, onde explicaban o proxecto, en que consistía o Desafío 48 h e onde, polo tanto, desvelaron que eran todas esas mensaxes que foron aparecendo nas semanas previas. Nesas visitas informativas ás clases deron a coñecer o contrato de compromiso lingüístico e marcaron os días e horas (dous días durante dous recreos) en que as/os alumnas/os que quixeran o tiñan que asinar.
- **Contrato de compromiso lingüístico:** para certificar o compromiso voluntario de participar no Desafío por parte do alumnado, redactouse un Contrato de compromiso lingüístico, en que se mestura ton formal con ton informal, e con finalidade tanto informativa como de adquisición de compromiso persoal. Nese contrato as persoas asinantes puideron elixir entre dous niveis:
  - Nivel **ProGalego:** a través do que se comprometeron a usar o galego durante o horario lectivo, no instituto, con todos/as os/as alumnos/as, profesores/as e resto de persoal.
  - Nivel **ProGalegoPlus:** a través do que se comprometeron a usar o galego durante todo o día, tanto fóra coma dentro do instituto, en todas as situacións comunicativas, tanto orais como escritas.

O contrato especifica as accións que inclúe cada un deses niveis e, ademais, convida a descubrir música en galego de todos os estilos ou a, por exemplo, configurar o móbil ou as aplicacións de Google en galego.

A gran maioría das/os 200 alumnas/os que asinaron o contrato fixérono na modalidade ProGalegoPlus.



- **Actividades de reforzo:** para reforzar a información e procurar facilitar a creación de ámbito de uso, durante os dous días de cumprimento do desafío (14 e 15 de maio) desenvolvéronse diversas accións, como:

- **Concerto do rapeiro García MC.**
  - **Charla didáctica sobre lecer en galego de Miguel Aquel-e**
  - **Accións nas propias aulas** xa dependentes de profesores/as de cada materia relacionadas co uso da lingua galega nesa materia. Algunhas desas accións tamén saíron fóra da aula como, por exemplo, unha exposición nos corredores de música en galego actual.
- **Reflexión e avaliación sobre o Desafío:**
    - As alumnas e os alumnos participantes fixeron as súas reflexións por escrito. Déuselles unha folla para, a partir dunhas preguntas, anotaren as súas impresións, valoracións, dificultades, fortalezas, opinións etc., sobre o cumprimento do desafío. A partir desas reflexións escritas, o ENDL fixo unha avaliación xeral do resultado do proxecto e obtivéronse datos e reflexións moi interesantes.
    - Algúns rapaces e rapazas tamén fixeron vídeos persoais de opinión e valoración sobre o reto, en que reflexionan sobre o motivo de facelo, sobre as dificultades que tiveron para cumprilo, en que se propoñen intentar falar máis galego, polo menos con algunhas persoas ou nalgúns ámbitos etc.



## Recursos necesarios

---

Os recursos necesarios para esta campaña foron, principalmente, os da vontade, imaxinación, tempo, traballo e ideas dos membros do ENDLG, tanto alumnos/as como profesores/as. O que hai quen chama “capital humano”:

- Deseño da campaña.
- Redacción do contrato de compromiso lingüístico.
- Deseño da imaxe utilizada (por parte do Departamento de Debuxo).
- Redacción dos lemas, colocación post-its, chuvia de avións de papel etc.

Ademais diso, que foi realmente o recurso imprescindible na acción, foron necesarios tamén algúns recursos materiais, aínda que moi poucos. En concreto, os seguintes:

- Chapas do Desafío 48 h para a identificación das persoas participantes, e como obxecto que serviu tamén para recordarlles o uso do galego. O custo destas chapas foi de 111'96 €.
- O custo económico das actividades de reforzo (concerto de García MC e a charla de Miguel Aquel-e) foi de 350 €.
- Ademais, usouse material propio do centro: folios e fotocopias, post-its etc.

## Temporalización


---

PERÍODO	ACCIÓN
Durante o mes de febreiro	Valoración, ideas e deseño da acción
Durante o mes de marzo	Deseño da imaxe, campañas comunicativas, accións, actividades paralelas, etc.
Semana do 22 ao 26 de abril	Campaña de expectativa
Semana do 29 de abril ao 3 de maio	Comunicación da campaña e inscrición
Días 14 e 15 de maio	Días de cumprimento do desafío e das actividades paralelas
Día 16 de maio	Reflexión e avaliación por parte dos participantes
Semana do 20 ao 24 de maio	Avaliación xeral por parte do ENDLG

## Impacto comunicativo

---

En principio, toda a comunicación do proxecto foi interna, centrándose no alumnado e profesorado do propio centro, a través das accións xa descritas e que valoramos moi positivamente: a campaña previa de expectación, coas mensaxes de post-its e a choiva de avións de papel, e a campaña informativa do alumnado do ENDL nas propias aulas. O éxito destas accións comunicativas foi fundamental para a alta participación e implicación do alumnado.



Aínda que na planificación da campaña nin sequera tivemos en conta a comunicación exterior desta acción, a verdade é que tivo un grande impacto comunicativo en redes sociais e en medios, o que serviu claramente para fortalecer o Desafío e para que as rapazas e os rapaces lles desen máis importancia ao que estaban facendo. Foi algo que ás/aos alumnas/os participantes lles gustou, tal e como comentaron en non poucas ocasións, e que serviu para que se sentisen protagonistas, o que, polo tanto, axuda ao seu imprescindible apoderamento lingüístico.



Así, sen enviar ningunha nota de prensa nin ter ningún contacto cos medios, o simple feito de contar a experiencia [a través dun fío de Twitter](#) por parte dun dos membros do ENDLG, provocou moito interese, tanto nas redes sociais como por parte dos medios. Ese fío acadou máis de 1.300 rechíos, máis de 2.600 “gústame” e un alcance de preto de 300.000 persoas.

## ✕ Análises dos chíos

<b>Nel Vidal Barral</b> @nelvidalbarral Cóntovos... Como no meu instituto, o IES María Casares de Oleiros, entre máis de 600 alumnas/os, non hai ningún/ha que fale habitualmente en galego, propuxémoslle ao alumnado do equipo de normalización probar a falar galego durante 48 h.	
<b>Impressões</b> vezes que as persoas viram este Tweet no Twitter	292.494
<b>Total de engajamentos:</b> vezes que as persoas interagiram con este Tweet	7.837
<b>Favoritos</b> número de veces que as persoas curtiram este Tweet	2.652
<b>Expansões de detalles</b> vezes que as persoas viram os detalles deste Tweet	2.161
<b>Cliques em perfis</b> número de cliques em seu nome, @identificador ou foto do perfil	1.580
<b>Retweets</b> vezes que as persoas retweetaram este Tweet	1.346



Foron varios os medios que publicaron información sobre o Desafío 48 h, e moitos deles que falaron e entrevistaron directamente a rapaces e rapazas participantes.

A presenza da acción en medios de comunicación, tanto en medios escritos como en radio e televisión, pode verse, por exemplo, a través das seguintes ligazóns:

- **200 escolares de Oleiros aceptan o reto de falar galego durante 48 horas** (Telexornal da TVG): <https://i.gal/ue000>
- **48 horas falando galego nun instituto de máis de 600 alumnos castelanfalantes** (La Opinión de A Coruña): <https://i.gal/1PUmv>
- **O reto de falar galego durante dous días seguidos** (Sermos Galiza): <https://i.gal/8JUtg>
- **A rapazada dun instituto de Oleiros comprométese a falar galego** (Radio Galega): <https://i.gal/R9JxM>
- **Este é o desafío que fixo tolear o IES María Casares** (La Voz de Galicia): <https://t.co/o2IVHGtz32>
- **A experiencia de atoparse co galego na adolescencia: "É unha mágoa que non nolo aprendesen antes"** (Praza.gal): <https://i.gal/njKlq>
- **El repte de parlar gallec a l'institut** (Diario de la llengua): <https://i.gal/quxqy>
- **O alumnado do IES María Casares de Oleiros comprométese co galego** (CDSG): <https://i.gal/5VUj1>
- **Ikasle gaztelania-hiztunak 48 orduz galegoz** (Argia): <https://i.gal/XloY7>
- **Liberdade para escoller** (artigo de opinión de Xosé Manuel Pereiro en La Opinión): <https://i.gal/pidxX>



**Este é o desafío que fixo tolear o IES María Casares**  
O instituto mobiliza os seus alumnos con estratexias de xogo e redes sociais  
lavozdegalicia.es

## 48 horas falando galego nun instituto de máis de 600 alumnos castelanfalantes

O María Casares de Oleiros promoveu a iniciativa e os estudantes asinaron un contrato de compromiso co idioma e lamentaron que non llo falaran de nenos

M. Villar | 14.05.2019 | 21:30

No café unha nai está buscando no móbil que é o dengue porque na escola mandaron que as rapazas levasen posto un polo **Día das Letras Galegas**, pero no Google imaxes sae o mosquito que transmite a enfermidade. Outra nai dique á súa só lle mandaron levar un pano e outra, que ten que buscar unha desas gorras que se levaban antes na cabeza. Cae a alma aínda máis abaixo dos pés cando che contan que o **instituto María Casares**



Alguns dos estudantes do Instituto María Casares que participaron na iniciativa de falar galego todo o tempo durante 48

horas. Casteleiro/Roller Agencia

## 200 escolares de Oleiros aceptan o reto de falar galego durante 48 horas

Publicado o 15/05/2019 15:43



## A experiencia de atoparse co galego na adolescencia: "É unha mágoa que non nolo aprendesen antes"

Miguel Pardo @depunteirolo  
venres 17, maio 2019



# IKASLE GAZTELANIA-HIZTUNAK 48 ORDUZ GALEGOZ

Galiziako Oleiros udalerriko Maria Casares ikastetxe publikoko ikasleak dira. 12 eta 17 urte arteko 600 ikasleatik inork ez du eguneroko hizkuntza galegoa. Malatzean eronka jo zuten hainbat irakasle eta ikasle: ea gai garen 48 orduz galizieraz aritzeko. 200 ikasle hartu dute parte eta haien inguruan uste baino galego hiztun gehiago aurkitu dute.

**OHINTZAIRURETA AZKUNE**  
**MARIA CASARES DE OLEIROS IKASTETXEA UTZIA**

**O**so esaugarri bereziak ditu A Coruña probintziako Oleiros udalerriak. 33.000 biztanleko herria. A Coruña hiraren ondo-ondoan dago. Ereinu urbanoa da, baina lo-ko funtzioak betetzen ditu. Espainiako Estatuko per capita errenta altuenetakoa dauka. Urteak gaztelania hitzuten diren 600 ikasle hartzen dituen Maria Casares ikastetxe publikoa hor kokatuta dago.

Nel Vidal irakasleak bere lehen ikasurteak bukatu berri du ikastetxe horretan eta aurreko urtearekiko sekuilako aldea sumatu du. Aurrez, Coruña da Norte inguruan eman zituen eskolak, ia ikasle guztiak galizieraz hitz egiten zuten, eguneroko hizkuntza zuten. Oleiros berriz, eremu urbanoa da, eta halako eremuetan baxez beste galizieraz ere erabiltzen %15ekoak da baxerren %10ekoak. Oleirosen markak guztiak gainditzen ditu. Maria Casares ikastetxean inork ez du galegoa eguneroko hizkuntza.

**IKASTETXETIK KANPORA ERE BAI**  
Irakasleek izan zuten eronka jotzeko ideia eta ikasleek egitasmoa beharrezko pasoa eman zutuzten. Irakasleek, ikasleek eta ikastetxeko gainerako lan-

gileek hartu zuten parte. Maiatzaren 14 eta 16an egin zuten. Helburu nagusiak bitan labor ditzekete. Batek, erabileria bultzatzea, ikasleak ohar ditzekela gai direla galegoz egiteko, ez dute erabiltzen baina gaitasuna badute. Besteak, ikasleei ikasurtearen ekoiztan dagoela galegoa, helduek ere buruari ez ditzela galegoz egiten, baina horrek ez duela esan nahi galegoz dakien jendea ez dagoenik haien inguruan. Ikasleek eskatutako diete probatzea: galegoz egitea, eta kontratuko dira nola hizkuntza berreserantzuzten dien azkole.

*Hoxe falo gallego* (gaur galegoz egingo dut) txapa jarri zuten paparrean ikasleek, hemen hainbat egitasmoan aritzen urteetan egin den moduan. Helburu nagusia ez zen identifikatuta egotea baina ikasleek gogoratzea bi eguneroko galegoz egin behar zuela. Ikastetxeko eremutik kanpo ere egin osoz galizieraz egitea zen eronka. Hasterako sormen rol hori baino ez sortzea zen. Baina antolaketa taldean parte hartu zuten ikasleek



**FEDERICO GARCÍA LORCAREN POEMAK ERE GALEGOZ**  
Galizian, eskola publikoan, ez daukate D eredurik, alegia, ikasgai guztiak galegoz ikarteko aukerarik. Maria Casares ikastetxean bi erakleto moldak dauka. Ikasleek %20k heren bat gaztelaniaz, heren bat galegoz eta heren bat asterozko hizkuntzan (ia denek ingeleza eta gutxi batzuek frantsesaz) dauka. %80k herena pasatxo du galizieraz eta gainerako gutxia gaztelaniaz. Esan dugu ikastetxeko komunitate osoak hartu zuela par-

beldurtu ziren. Haien ustez, ikasle baten zentzuztatu oso zaila izango zen eronka. Inork elkartzen... toki gutxieta galegozari eruste. Beraz, ikasleek eskaritz ProFalego nola sortu zuten eta ikasle horiek eronka ikastetxera mugatuko zuten. Besteak konpromisoak ProFalegoPlus zuten izena. Ikasleek harridurazko, parte hartu zuten 200 ikasleetatik %90ak 48 orduz bitarteko eremu gutxieta galegoz egiten saiatzea aukeratu zuten.



**TXAPA PAPERREAN: "HOXE FALO GALEGO"** (GAUR GALEGOZ EGINGO DUT) TXAPA ERABILTAN DUTEN IKASLEAKIK, BI AURERA ZITUZTEN BI EGUNEZ IKASTETXEAN GALEGOARI EUSTI EDO BI EGUNEZ BIZITZAKO EREMU GUZTIAN HELDU HIZKUNTZARI. IA DENEK BIGARRENA AUKERATU ZUTEN.

te eronkan, tartean irakasleak bada bi egun horietan, ohiz kanpo, ikasgaiak galegoz eman zituzten. Hizkuntza horretan egiteaz gain, galegoari lotutako kontuak landu zituzten, esate baterako musikan gaur egun galegoz ari diren musika taldeak landu zituzten. Gaztelania ikasgaiak bera ere galegoz eman zuten eta García Lorca poetak galegoz idatzi zituen poemak aurreratu zituzten.

**OKINAK BADAKI-ETA!**

Antolatzen ikastetxeko Hizkuntza Normalizazio Taldeak hartu zuten parte, irakasleek eta ikasleek, alegia. Oso pozik daude irakurketa ematekoan. 50 bat parte-hartzaile espero zituzten eta 200ek sinatu zuten hizkuntza konpromisoaren kontratua. Konpromisoa hartu eta txapa jarritzeaz gain, ikasle gehienak eronka

betetzen serio aritu direla uste dute. Denek haien bizipenak eta hausnarketak bildu dituzte, idatziz edo bideoz. Nel Vidal irakasleak laboratu dituzko gogoeta esanguratsuenak eta gehienek egin dituztenak: "ikasleek esaten edo pentsatzen zuten heren inork ez duela galegoz egiten, beraz ezin dutela galegoz egin. Bi egunetan oharatu dira gezurra dela uste hori, jende azko da galegoz hitz egiteko gai. Ikasleek ez zuten galizieraz egiten, beraz beraien inork ez zuten galegoz erantzuten. Haurritza geratu dira eta horelako adibideak eman dituzte." Okindegiara joan nintzen eta kontratatu nintzen okinak badakela galegoz. Kafetegira joan nintzen eta galegoz erantzun nidan...". Erkutuan zegoen hizkuntza argitaratu da. Beste gauza batzuk ere haurritza geratu dira ikasleek: haiek galegoz hasi

eta jendeak ez du ezer berezirik adierazten, ez positiboa ez negatiboa. Parte-hartzaile batek ondoko adibidea jarri du: "Guztekin jultu eta proba egitea pentatu nuen. Inoiz galegoz egiten ez diotan aitari galegoz egin nion eta berak galegoz erantzun zidan, natural-natural, eser eze esan gabe".

Ei eguneroko eronka, ikastetxe bakar batek egina. Hala ere, oharretan handia izan zuten hedabideetan. Vidalek argi utzi nahi du ez dutela ezer berririk asmatu. Eskola Herritiko egitasmoa eta Galizian egiten den *21 dias co gallego* (Pobra do Caramiñal ikastetxean 2013an abiatatu) egitasmoari begira aritu direla. Bi horiek kontuan hartuta, sekula galegoz hitz egiten ez duten gasteen errealtate egokituak eronka aurrera eramaten saiatu dira. ■



**El repte de parlar gallec a l'institut**

## Valoración xeral

---

Desde o ENDLG do IES María Casares de Oleiros non podemos facer máis que unha valoración positiva da acción, baseada principalmente nos seguintes argumentos:

- A **acollida e participación** foi moi superior á agardada, chegando a quintuplicar as previsións iniciais máis optimistas.
- A **implicación do alumnado**, tanto a dos membros do ENDLG como a dos alumnos/as participantes no reto, tamén foi maior da agardada. Foron moitas as rapazas e os rapaces que o tomaron moi en serio, que intentaron cumprilo realmente en todos os ámbitos durante esas 48 h, e sabemos o esforzo e compromiso que iso supón nun ambiente e contorno en que o galego é moi residual.
- Moitas das reflexións feitas durante e despois do desafío polas rapazas e os rapaces participantes son de grandísimo interese, e demostran a necesidade da iniciativa e que esta foi moi útil e positiva para o fomento da lingua e para procurar incrementar o seu uso entre elas/es. Algunhas desas **reflexións, conclusións ou compromisos** son, por exemplo:
  - *“É unha mágoa que me custe tanto falar galego, polo que é unha mágoa que non mo falasen máis na casa de pequeno”.*
  - *“Tendo en conta que nós nunca o falamos, nin na familia nin as amigas, non ten sentido que tamén na escola teña tan pouca presenza, porque así nunca o imos poder falar ben”.*
  - *“A min gustárame falalo moitas máis veces. A ver se son capaz”.*
  - *“Eu nunca falo galego, pero na miña casa si o falan meus pais. Eles dixéronme que esta iniciativa lles parecía moi ben, a min apeteciame facelo porque non escoito moito falar en galego. Esperemos que non se estea perdendo”.*
  - *“A partir de agora Carla e mais eu imos falar galego entre nós sempre que poidamos”.*
  - *“Eu nunca falo galego, ninguén da miña familia o fala, e a min gústame. É unha pena que non o falen. Gustárame que de pequena me falasen porque é un idioma moi bonito e gustárame falalo con fluidez. Vou intentar practicalo. Xa mandei varios whatsApps en galego tamén, e a todos lles parece moi boa idea”.*



- *"Foi bonito que todos o falásemos, aínda que fose só durante 48 h. Pero estaría ben facelo máis veces".*
- *"Eu fáloo ás veces, pero nin meus pais nin meus avós o falan, e todos quedaron abraiados cando me oíron pero gustoulles a idea. Eu penso que dende pequenos deberíannos falar en galego, para estar máis familiarizados, porque nos dan todo en castelán. Vou tentar falalo máis porque non me gustaría que se perdesse".*

- **A relación recursos destinados – impacto e resultados acadados cremos que é inmejorable.**

- **O grandísimo interese amosado por esta acción por parte de moitos outros centros educativos cremos que é tamén unha demostración da conveniencia da iniciativa, e cremos que pode servir como exemplo de boas prácticas (con todas as correccións e adaptacións que sexan precisas) para desenvolver en contextos semellantes ao do noso IES, onde o uso do galego por parte do alumnado é simplemente anecdótico.**

- **O impacto mediático acadado**, con información en xornais en papel (*La Voz de Galicia, La Opinión de A Coruña* ou *Sermos Galiza*) e dixitais (*Praza Pública* ou *Sermos Galiza*), con información en radios (Radio Galega, Radio Voz, Radio Tui, Radio Oleiros, InterCoruña Radio...), cunha noticia no Telexornal da TVG, e incluso cunha reportaxe nun medio catalán sobre lingua (*Diario de la llengua*) e noutro vasco (*Argia*), fortaleceu moi positivamente a campaña, ademais de servir de incentivo moi importante para os/as propios/as rapaces e rapazas participantes.



- **A acción tamén foi moi ben acollida pola contorna** escolar, tanto polas familias (ben a través da ANPA, que a difundiu amplamente a través das súas redes sociais, ben a nivel individual, a través da transmisión de moitos parabéns) como por, por exemplo, algúns dos equipos deportivos onde participan as nenas e os nenos, que transmitiron os parabéns e que se comprometeron a usar máis o galego, entendendo así o seu compromiso social coa lingua.



## Anexo:



### Contrato de compromiso lingüístico

Eu, \_\_\_\_\_, alumna/o do curso \_\_\_\_\_ e grupo \_\_\_\_ do IES María Casares de Oleiros, comprométome a participar no **Desafío 48 h**, polo tanto, a usar a lingua galega os días 14 e 15 de maio de 2019, co seguinte nivel de compromiso:

[marca cun X a opción elixida]

Nivel **ProGalego**: durante o horario lectivo, no instituto, con todos/as os/as alumnos/as, profesores/as e resto de persoal.

Nivel **ProGalegoPlus**: durante todo o día, tanto fóra coma dentro do instituto, en todas as situacións comunicativas.

Así, durante estas 48 h, **comprométome**:

No nivel **ProGalego**:

- A dicir “Bos días” ao chegar ao instituto e ver os/as compañeiros/as (alumnos/as, conserxes, profes, persoal de limpeza, persoal da cafetaría...), a responder en galego cando me pregunten a hora, que toca, en que clase, se había deberes, se onte fun adestrar, se vin as historias de Instagram de non sei quen, algo do videoxogo co que estou viciado/a ou da serie que estou a ver, se entendín o que acaban de explicar na clase, se baixo á cafetaría ou que me parece como vén hoxe esa/e para a/o que, inevitadamente, tanto miro. E todo iso, a preguntárlle eu tamén aos/ás demais en galego. Vaia, a falalo todo o día no instituto, tanto na clase coma nos recreos, e con todo o mundo.
- A sorrir amablemente cando alguén me mire raro ou me diga algo por falar galego e a dicirlle: “A que me queda ben? Estou participando no *Desafío 48 h*, sabes o que é? Ademais, a partir de agora vou intentar falalo un pouco máis! :-)”.
- A tomar apuntamentos, notas na axenda ou en post-its en galego.
- A ir anotando nun caderno (en galego, claro!) as impresións que vou tendo ao estar falando galego todo o día, como me sinto, que cousas raras noto, as reaccións da xente, se alguén me pon cara rara ou me di algo de que me nota algo estraño en min, ou de que lle gusta que fale galego, ou de que non, ou de que me queda ben, de que me fai distinto/a...



No nivel **ProGalegoPlus**, a todo o do nivel **ProGalego** e, ademais:

- A falar galego tamén na casa, coa familia, na cea, para discutir co meu irmán, no adestramento, cando vaia comprar o pan, cando me chamen por teléfono ou cando chame eu, a dicirlle “bos días” ou “boas tardes” á veciña do 4º cando cadremos no ascensor etc.
- A whatsapear e a subir historias de Instagram en galego.

Ademais de todo isto (en calquera dos dous niveis) vou intentar:

[marca cun X a(s) opción(s) elixida(s)]

Descubrir algo de música en galego de diferentes estilos. De hip hop, de pop, de indie, de rock... (Podes buscar en Youtube, Spotify ou, por exemplo, para coñecer algúns grupos, en: <http://musicaengalego.blogspot.com/>).

Se teño un teléfono Android, configúralo en galego (é fácil! Algo así como: Axustes > Xestión xeral > Idioma > Galego. Proba, xa verás!).

Configurar tamén en galego o Google, Gmail, Drive, Youtube etc. (Tamén é moi doado! Algo así como: Configuración > Idioma > Galego).

E, para certificar o meu compromiso, asino este contrato

[sinatura]

Oleiros, \_\_\_\_\_ de maio de 2019